

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa do seu deputado **Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión** .

Exposición de Motivos

O 2014 foi en Galicia un ano máis de precarización do emprego e destrución dos dereitos dos traballadores e traballadoras galegas, é tanto así que dende o comezo da crise o número de contratos temporais con duración inferior a unha semana se ten incrementado un 86% , representando a día de hoxe un 16,5% dos traballos por obra o servizo subscritos no país.

Esta precarización, unha esclavización do século XXI ten a ver coa reforma laboral, que está a conquistar os seus obxectivos, abaratar o despido e destrozando os xa cativos dereitos laborais, é por iso que a administración pública debe exercer como baluarte da defensa do traballo digno, aínda que quen es ocupan neste intre soamente traten de dignificar os seus postos e os beneficios das multinacionais, aínda que isto custe a vida os traballadores e traballadoras Galegos.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión

O Parlamento Galego insta o Goberno da Xunta a :

Incluír nos anuncios de licitación así como nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos contratos de obras, un subapartado de cumprimento de condicións especiais de carácter social que inclúa, entre outras as seguintes:

- * Obriga de cumprimento das disposicións legais en materia laboral, seguridade social, e seguridade e saúde no traballo e en particular do cumprimento do convenio colectivo da construción da provincia onde se realice a obra.
- * Obriga das empresas contratistas a manter un porcentaxe mínimo do 50% da plantilla con contrato indefinido.
- * Ter ou promover a existencia de representación legal dos traballadores na empresa.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/02/2015 17:44:07

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/02/2015 17:44:18